

# Programación didáctica

## BAC

<b>DEPARTAMENTO</b>	Debuxo	
<b>MATERIA OU ÁMBITO</b>	Debuxo Artístico	
<b>CURSO E GRUPOS</b>	1º Bacharelato	
<b>PROFESORADO</b>	M <sup>a</sup> Jesús Labarta Madriñán M <sup>a</sup> Teresa Piñeiro Mondelo	
<b>LIBRO DE TEXTO</b>	no	
	<b>Ano de implantación</b>	

## Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	<b>Introdución e contextualización</b> .....	3
2.	<b>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave</b> .....	5
3.	<b>Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso</b> .....	10
4.	<b>Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:</b> .....	14
5.	<b>Concrecións metodolóxicas</b> .....	15
5.1	Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial.....	27
5.2	Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático.....	28
5.3	Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial .....	28
6.	<b>Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar</b> .....	29
7.	<b>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción</b> .....	30
7.1	Criterios de avaliación .....	30
7.2	Criterios de cualificación.....	33
7.3	Criterios de promoción.....	35
8.	<b>Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente</b> .....	35
9.	<b>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes</b> .....	38
10.	<b>Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato</b> .....	38
11.	<b>Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados</b> .....	39
12.	<b>Medidas de atención á diversidade</b> .....	39
13.	<b>Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda</b> .....	40
14.	<b>Actividades complementarias e extraescolares</b> .....	41
15.	<b>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora</b> .....	42

## 1. Introducción e contextualización

### Introdución xeral

#### Marco legal anterior:

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 24 do RD 1105/2014, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecemento e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

A esta normativa de carácter xeral engádese este ano a emanada en relación coa pandemia da COVID 19:

- A Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.
- As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinan as liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten máis dificultades.
- A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.
- Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.
- As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En consecuencia, ademais dos aspectos habituais, ás programacións didácticas terán en conta as aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso 2019-2020 e a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar períodos de docencia presencial, con outros telemáticos ou ben a implantación do ensino semipresencial.

## Introdución xeral

**Curso 2020-2021**

A Lei Orgánica 3/2020, de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, deroga a Lei Orgánica 8/2013 e prescinde dos estándares de aprendizaxe como elemento prescriptivo do currículo (art. 6 bis). Con todo, a Disposición transitoria segunda bis da devandita Lei Orgánica 3/2020 indica que estes estándares de aprendizaxe avaliábelos terán carácter orientativo ata a implantación das modificacións introducidas no currículo, na organización e nos obxectivos de EP, ESO e BAC. Segundo o calendario de implantación da Lei Orgánica 3/2020, a introdución dos novos currículos comezará o curso 2022-2023; polo tanto, con excepción do carácter orientativo dos estándares de aprendizaxe, seguen vixentes o Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e máis o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. A esta normativa curricular engádesse este ano o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022 e máis a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE), derogou a LOMCE e introduciu importantes modificacións na LOE lei vixente desde 2006.

Na devandita Lei, que entrou en vigor o 19 de xaneiro de 2021, establécese un calendario de implantación das distintas modificacións. Polo que respecta ás modificacións relativas ao currículo, organización e obxectivos da ESO e o Bacharelato non se implementarán ata o curso 2022-2023 para os cursos de 1º e 3º de ESO e 1º de BAC, e o curso 2023-2024 para 2º e 4º de ESO e 2º de BAC.

Por conseguinte, no curso 2021-2022 continuaremos coa Lei orgánica 8/2013, a cal no capítulo III determina que se entende por currículo ou conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábelos de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei.

No presente curso, introduciranse os cambios que afectan as condicións de acceso aos distintos ensinos, avaliación e condicións de cada etapa, condicións de titulación da ESO, FPB e Bacharelato.

Unicamente sinalar que para a obtención do título de bacharelato será necesaria a avaliación positiva en todas as materias e regularase a posibilidade de titular, excepcionalmente e en determinadas condicións, cunha materia suspensa.

**Contextualización da materia:**

Partindo das destrezas dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

As materias Debuxo Artístico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis

**Introdución xeral**

subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acorde s cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor".

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

**Competencias clave do currículo de ESO**

**Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

Segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 8/2013, se coñecen como competencias son "capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".

O RD 1105/2014 precisa que as competencias do currículo serán as seguintes:

- o Comunicación lingüística (CCL).
- o Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- o Competencia dixital (CD).
- o Aprender a aprender (CAA).
- o Competencias sociais e cívicas (CSC).
- o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- o Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O Decreto autonómico 86/2015, que establece o currículo para a ESO e o bacharelato no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia precisa a relación entre as competencias clave e os criterios de avaliación. Deste xeito, facilítase a integración das competencias no currículo.

<b>CCL</b>	<p>Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alle-as, atendendo aos seus valores subxectivos</li> <li>- Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva</li> <li>- Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas</li> </ul>
<b>CMCCT</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do</li> </ul>

Competencias clave do currículo de ESO	
	<p>natural ou con modelos estáticos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as</li> </ul>
<b>CD</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita</li> <li>- Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos</li> </ul>
<b>CAA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.</li> <li>- É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas</li> <li>- Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as</li> <li>- Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas</li> </ul>
<b>CSIEE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade , con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas),</li> <li>- Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.</li> <li>- Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista</li> <li>- Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos</li> <li>- Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define</li> <li>- Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito</li> <li>- Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima</li> <li>- Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas</li> </ul>
<b>CSC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista</li> <li>- Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos</li> <li>- Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>
<b>CCEC</b>	<p>Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade , con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas),</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.</li> <li>- Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais</li> </ul>

**Competencias clave do currículo de ESO**

- Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de forma e cores (funcións expresivas).
- Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.
- Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos
- Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas
- Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define
- Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito
- Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima
- Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

A competencia en comunicación lingüística verase incrementada nesta materia a través do estudo dos distintos tipos de linguaxe, o verbal, o xestual, o musical e a linguaxe plástica. O seu estudo nos contidos centrarase neste último, cuxo poder de transmisión é indiscutible ao non coñecer barreiras idiomáticas, sendo accesible a toda a poboación á que vai dirixida a información, independentemente da súa localización xeográfica, idioma, grupo social e cultural. Así mesmo, esta competencia desenvolverase cando o alumnado describa o proceso de traballo, cando argumente as solucións dadas, ou cando realice valoracións dunha obra artística. Verbalizar os novos conceptos aprendidos, manexar o vocabulario propio da materia, formular preguntas acerca das técnicas e os recursos que lle son propios, así como a lectura de textos e imaxes posibilitará que os alumnos e alumnas adquiren unha mellor comprensión dos diferentes códigos artísticos. Toda forma de comunicación posúe uns procedementos comúns e, como tal, o debuxo artístico permite facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións, á vez que posibilita integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e, con iso, enriquecer a comunicación.

Os estándares que avalían esta competencia son:

- Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.
- Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas
- Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos

Respecta las normas de comunicación ( respecta a quenda de palabra escoitando ao seu interlocutor)

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA**

unha das finalidades da materia é ensinar ao alumnado a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica, así como profundar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, por medio da perspectiva e a representación obxectiva das formas. Tales capacidades poderán contribuír a que os alumnos e alumnas adquiren a competencia matemática xa que permitirá abordar a posta en funcionamento do proceso creativo coa utilización das proporcións, dimensións, relaciónse equilibrio das formas de maneira adecuada, e comprender o mecanismo de creación dunha obra artística.

Os estándares que avalían esta competencia son:

- Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.

**Competencias clave do currículo de ESO**

Organiza la información utilizando métodos matemáticos

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL**

No currículo adquiren importancia os contidos relativos á contorna audiovisual e multimedia, desenvolvendo a competencia no tratamento da información. Na sociedade actual, o uso de recursos tecnolóxicos específicos é o método básico e xeneralizado na creación e difusión de imaxes. Por tal motivo, establécese como obxectivo propio da materia a aprendizaxe das novas técnicas para a interpretación da información, en especial a transformación de linguaxes non verbais (gráfico, audiovisual, etc.) e o manexo dos recursos técnicos adecuados para comunicalos a

públicos diversos por medio de soportes e formatos diferentes, colaborando desta forma a mellorar a competencia dixital.

O uso combinado das ferramentas propias da materia e das tecnoloxías poderán aumentar os recursos para que o alumnado exprésese e comunique a creación das súas producións artísticas. Trátase de motivalo para que desenvolva tarefas con sentido que, segundo a idade e competencia, irá realizando de maneira progresiva a medida que vaia adquirindo coñecementos máis complexos. A realización de traballos relacionados con artistas galegos, cuxas creacións fagan uso dos recursos tecnolóxicos, poderalle proporcionar un coñecemento máis próximo da arte.

Os estándares que avalían esta competencia son:

- Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fines expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.
- Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias
- Utilizar con solvencia os recursos informáticos idóneos e aplicarlos á resolución de proxectos persoais.
- Desenvolver proxectos sinxelos nalgún dos campos do deseño gráfico, creando imaxes en formato dixital en resposta a propostas de deseño previamente establecidas polo profesor.
- Empregar as distintas fontes para recoller información, obtida a través de medios tecnolóxicos, analízala e selecciónala segundo a súa fiabilidade e utilizar os datos obtidos para realizar propostas creativas (Aplicando criterios éticos no seu uso: política de utilización de imaxes)
- Resolve problemas sinxelos de deseño gráfico utilizando os métodos e ferramentas adecuadas.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

A competencia para aprender a aprender contribúese na medida en que se favorece a reflexión sobre os procesos e a experimentación creativa, posto que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, e tamén a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

Os estándares que avalían esta competencia son:

- Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.
- Explora con iniciativa as posibilidades expresivas da linguaxe gráfica, utilizándoa de xeito creativo na realización de obras orixinais de deseño gráfico.
- Coñece a importancia da metodoloxía e o proceso de traballo en deseño e aplícaa na realización de proxectos persoais. Respecta a planificación previa do traballo e sigue as fases previstas na realización do mesmo pero toma decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**

A materia de debuxo artístico axuda a desenvolver e mellorar a competencias sociais e cívicas. Naquela medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase á



**Competencias clave do currículo de ESO**

adquisición de habilidades sociais. Así mesmo, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual que induce ao pensamento creativo e á expresión de emocións, vivenciase ideas, poderá proporcionar experiencias directamente vinculadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.

Os estándares que avalían esta competencia son:

- Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.
- Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
- Participa activamente na planificación, coordinación do traballo e respecta e valora as achegas do resto dos integrantes en propostas de traballo en equipo.
- Durante as explicacións do profesor mantén una actitude correcta, amosando interese e propiciando o ambiente adecuado para o proceso de aprendizaxe.

Durante a realización do traballo o alumno está concentrado, esforzase e aproveita o tempo de traballo na clase .

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR**

Esta materia axuda á adquisición da autonomía e iniciativa persoal dado que todos os procesos de creación supoñen converter unha idea nunha obra. Para ese efecto traballáranse estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En definitiva, sitúa ao alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo este proceso, xunto co desenvolvemento do espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica fomentan a iniciativa, a autonomía persoal e o espírito emprendedor.

Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.

Os estándares que avalían esta competencia son:

- Aposa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.
- Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.
- Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna
- Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.
- Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos
- Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.
- Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais
- Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.

Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI**

O debuxo artístico contribúe, especialmente, a adquirir a competencia en conciencia e expresións culturais. Nesta etapa ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e a partir do coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e ése capaz de expresarse a través da imaxe.

Dita competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións artísticas e culturais,

**Competencias clave do currículo de ESO**

utilízasas como fonte de enriquecemento e goce e considéralas como parte do patrimonio dos pobos. Así mesmo, implica fomentar a expresión gráfica, aplicando o uso correcto das técnicas artísticas, desenvolvendo a cultura visual e a creatividade.

De igual modo, preténdese facilitar ao alumnado información acerca das tendencias artísticas actuais, achegando tamén coñecementos sobre os diferentes períodos culturais e artísticos desde cada unha das distintas manifestacións: arquitectura, escultura, pintura, etc.

Os estándares que avalían esta competencia son:

- Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.
- Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.
- Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.
- Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.
- Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.
- Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.
- Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.
- Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.
- Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e cromatón) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.
- Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.
- Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

### 3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

Obxectivos de etapa	
<p>O RD 1105/2014 establece que os obxectivos do currículo son os referentes relativos aos logros que o estudante debe acadar a o finalizar cada etapa, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas con ese fin (Cfr. Artigo 2). No artigo 26 do Decreto 86/2015 precísanse os obxectivos da ensinanza secundaria obrigatoria, que a seguir se concretan para este curso e materia, establecendo a súa correspondencia cos contidos e criterios de avaliación.</p>	
<p><b>Concreción dos obxectivos para o curso. Relación entre os obxectivos de etapa, os criterios de avaliación e os contidos.</b></p>	
<p><b>a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.</b></p>	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<p><b>b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</b></p>	
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<p>B1.1. Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función.                      B2.1. Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador.                      B2.2. A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico.                      B3.1. Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.                      B3.2. Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas</p>	<p>B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.                      B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.                      B2.2. Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade.</p>

<p>do cadro.</p> <p>B4.1. A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro.</p> <p>B4.2. A construción das sombras. Valores tonais.</p> <p>B4.3. Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.</p> <p>B5.1. Teoría da cor. Natureza. Dimensións e comportamento da cor.</p> <p>B5.2. Expresividade da cor.</p>	<p>B3.1. Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.</p> <p>B3.2. Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.</p> <p>B4.1. Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.</p> <p>B4.2. Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.</p> <p>B4.3. Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro.</p> <p>B5.1. Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.</p>
--	---

**c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.**

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.**

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función.</li> <li>▪ B1.2. Expresión da subxectividade.</li> <li>▪ B2.1. Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador.</li> <li>▪ B2.2. A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico.</li> <li>▪ B3.1. Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.</li> <li>▪ B3.2. Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro.</li> <li>▪ B4.1. A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro.</li> <li>▪ B4.2. A construción das sombras. Valores tonais.</li> <li>▪ B4.3. Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.</li> <li>▪ B5.1. Teoría da cor. Natureza. Dimensións e comportamento da cor.</li> <li>▪ B5.2. Expresividade da cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.</li> <li>▪ B1.2. Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.</li> <li>▪ B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.</li> <li>▪ B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.</li> <li>▪ B1.2. Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.</li> <li>▪ B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.</li> <li>▪ B2.2. Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade.</li> <li>▪ B3.1. Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.</li> <li>▪ B3.2. Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.</li> <li>▪ B4.1. Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.</li> <li>▪ B4.2. Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.</li> <li>▪ B4.3. Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro</li> <li>▪ B5.1. Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.</li> </ul>

**e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.**

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.**

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.**

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>		Non achega o material necesario á aula cando é necesario nin respecta o posto á súa disposición polo departamento.	Coida o material que o departamento pon a súa disposición e, na maioría das ocasións, achega á aula material necesario para a realización das actividades.	Coida o material que o departamento pon a súa disposición e sempre achega á aula material necesario para a realización das actividades.	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material e o material ofrecido polo departamento en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.</li> </ul>		A súa actitude non amosa respecto polo traballo desenrolado na materia.	Amosa una actitude autónoma mentres realiza o seu traballo.	Durante a realización dos seus traballos amosa una actitude responsable, autónoma e de respecto polo traballo propio e alleo.	Durante a realización dos seus traballos amosa una actitude responsable, autónoma e de respecto polo traballo propio e alleo e mostrase participativo e implicado durante a realización dos mesmos.

Bloque 2. Liña e forma					
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.</li> </ul>	Utiliza a liña como recurso gráfico empregando todas a posibilidades que ofrece como elemento básico de comunicación visual.	Non é capaz de utilizar a liña como elemento gráfico básico que lle permita crear efectos plásticos.	Utiliza a liña como recurso para crear efectos e sensacións como volume ou movemento.	Utiliza a liña como recurso plástico, crea con ela sensacións de volume, movemento, espazo...	Utiliza e detecta a utilización en obras alleas da liña como recurso plástico, creando con soltura sensación de volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.</li> </ul>	O encaixe que realiza é correcto amosando así unha comprensión da estrutura interna do obxecto a representar.	Nas representacións que realiza de formas naturais ou artificiais propostas non amosa comprensión algunha da súa estrutura interna á hora de realizar o encaixe.	Nas súas representacións o proceso de encaixado é correcto, mostrando así unha comprensión mínima da estrutura interna do obxecto proposto.	Nas súas representación realiza o encaixe correctamente mostrando a comprensión da estrutura interna do obxecto proposto.	Nas súas representación, sexan estas analíticas ou expresivas, realiza o encaixe correctamente mostrando a comprensión da estrutura interna do obxecto proposto.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.</li> </ul>	Variación e elección correcta e orixinal do punto de vista en representacións propias.	Non comprende ben a estrutura interna do obxecto a representar e non é capaz de variar o punto de vista á hora de realizar representacións propias.	Varía minimamente o punto de vista á hora de realizar representacións propias.	Comprende ben a estrutura do obxecto ou obxectos a representar e faio utilizando puntos de vista moi diversos.	Comprende ben a estrutura do obxecto ou obxectos a representar e isto fai que poida utilizar puntos de vista moi distintos sendo moi creativo á hora de elixir o mellor.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.</li> </ul>	Proporción correcta nos obxectos representados e proceso correcto de encaixado.	Non proporciona correctamente os obxectos nas súas representacións.	A proporción dos obxectos entre si é aceptable.	Encaixa razoablemente ben, relacionando os obxectos formas xeométricas simples e respectando as proporcións se ese é o obxectivo da actividade proposta.	Encaixa moi ben, relacionando os obxectos formas xeométricas simples e respectando as proporcións se ese é o obxectivo da actividade proposta.
Bloque 3. A composición e os seus fundamentos					
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.</li> </ul>		Non ten claro o obxectivo que persigue na representación que realiza respecto ao nivel de iconicidade.	Determina ao inicio da súa proposta o grao de iconicidade que persigue coa representación que vai a realizar.	Determina con claridade o grao de iconicidade que persegue e selecciona acertadamente os elementos gráficos necesarios segundo o que pretende.	Determina con claridade o grao de iconicidade que persegue e selecciona acertadamente os elementos gráficos necesarios segundo o que pretende conseguindo o efecto de forma reflexivo e sendo acertado e creativo e orixinal na súa elección.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións</li> </ul>	A composición nas obras propias é froito dunha reflexión e do coñecemento, elixindo composicións que atendan á finalidade prevista para o traballo.	A composición no traballo proposto non é traballada de xeito reflexivo, é froito da intuición e pouco acertada.	A composición é correcta e serve ao fin previsto para o traballo, sexa esta froito da reflexión do alumno ou da intuición do mesmo.	A composición é correcta, na elección da mesma o alumno mostra unha comprensión da organización compositiva e da relación da mesma coa finalidade da representación.	A composición elixida é creativa e orixinal, tendo un peso considerable na valoración do traballo. Na elección da mesma o alumno mostra unha comprensión da organización

cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.					compositiva e da relación da mesma coa finalidade da representación.
<b>Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.</li> </ul>	Domina correctamente a técnica do claroscuro.	Non domina a técnica do claroscuro, facendo unha mancha no debuxo que non é capaz de simular texturas, definir formas o xerar volume.	Ten un dominio mínimo da técnica, sendo capaz de xerar minimamente volume nas súas representacións.	Domina a técnica do claroscuro utilizándoa para crear volume, sensación de espazo e textura figurada.	Domina a técnica do claroscuro utilizándoa para crear volume, sensación de espazo e textura figurada. A mancha do alumno é persoal, atractiva e con personalidade.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.</li> </ul>	Detecta en obras propostas a utilización da luz como elemento configurador de formas e xerador de volume.	Non é capaz de detectar o uso da luz como configuradora de volume en obras propostas.	Detecta a luz como configuradora de volume en obras propostas.	Detecta e explica verbalmente o uso da luz en imaxes propostas.	Coñece o valor expresivo e as posibilidades do uso da luz nas imaxes propostas e explica verbalmente.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.</li> </ul>	Coñece, usa e detecta en producións alleas as posibilidades expresivas da textura nas representacións.	Non comprende na súa amplitude o concepto de textura e non coñece nin utiliza as súas posibilidades expresivas.	Comprende o concepto de textura e utilízala mínimamente nas producións propias.	Observa e detecta o uso da textura en producións alleas e utilízala nas propias con fins expresivos.	Observa e detecta o uso da textura en producións alleas e utilízala nas propias con fins expresivos sendo orixinal e creativo á hora de elixir o papel da mesma no seu traballo.
<b>Bloque 5. A cor</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e cromatón) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.</li> </ul>	Coñece e aplica as dimensións da cor.	Na utilización que fai no traballo persoal da cor, amosa non coñecer as dimensións da mesma.	Utiliza a cor de xeito que parece coñecer as dimensións da cor e as posibilidades das mesmas.	Aplica a cor nos seus traballos amosando na aplicación da mesma os coñecementos e as posibilidades das dimensións.	Aplica a cor nos seus traballos amosando na aplicación da mesma os coñecementos e as posibilidades das dimensións e faio de xeito creativo e orixinal.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.</li> </ul>	Coñece a teoría da cor e aplícaa estudando o uso que dela faise en imaxes propostas.	Nunha imaxe proposta o alumno non é capaz de facer un estudo no que amosa uns coñecementos mínimos dos fundamentos teóricos da cor.	Nunha imaxe proposta o alumno é capaz de facer un estudo no que amosa uns coñecementos mínimos dos fundamentos teóricos da cor.	Nunha imaxe proposta o alumno é capaz de facer un estudo no que amosa o coñecemento dos fundamentos teóricos da cor.	Nunha imaxe proposta o alumno é capaz de facer un estudo no que amosa o coñecemento dos fundamentos teóricos da cor utilizando a terminoloxía correcta no seu análise.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica</li> </ul>	Utilización creativa e orixinal da cor.	Non utiliza a cor con creatividade nin de xeito creativo nas producións	Aplica correctamente a cor na obra plástica persoal.	Aplica con creatividade e de maneira expresiva a cor nos seus traballos.	Aplica con creatividade e de maneira expresiva e orixinal a cor nos seus



persoal.		propias.			traballos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.</li> </ul>		Nunha imaxe proposta o alumno non é capaz de facer un estudo coherente do uso da cor.	Nunha imaxe proposta o alumno é capaz de facer unha análise rudimentaria do uso da cor.	Nunha imaxe proposta o alumno é capaz de facer unha análise do uso da cor.	Nunha imaxe proposta o alumno é capaz de facer unha análise do uso da cor no que amosa coñecer o uso que da mesma fixeron autores de obras artísticas de referencia.
<ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.</li> </ul>		No uso que o alumno fai da cor en producións propias, non amosa dominar a mestura de cores.	No uso que o alumno fai da cor en producións propias, amosa dominar razoablemente a mestura de cores co fin de representar matices cromáticos.	No uso que o alumno fai da cor en producións propias, amosa dominar a mestura de cores co fin de representar matices cromáticos a partir da observación da realidade.	No uso que o alumno fai da cor en producións propias, amosa dominar a mestura de cores co fin de representar matices cromáticos a partir da observación da realidade e faino con creatividade e orixinalidade.

### PESO DOS ESTÁNDARES NA CUALIFICACIÓN OBTIDA POLO ALUMNO

PESO DE CADA ESTANDAR NA CUALIFICACIÓN OBTIDA				
RÚBRICA CORRECCIÓN DOS TRABALLOS				
PROCESO DE ENCAJADO	DOMINIO DO CLAROSCURO	INTENCIÓN EXPRESIVA (adecuación ao obxectivo final)*	GRAO DE IMPLICACIÓN NO PROCESO DE REALIZACIÓN	USO DA COR
2,5 PUNTOS	2,5 PUNTOS	2,5 PUNTOS	2,5 PUNTOS	Pertence ao apartado de intención expresiva
Estándares	Estándares	Estándares	Estándares	Estándares
DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.	DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores luminicos.	DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado	DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.	DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e cromatón) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.
DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de	DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto	DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento,	EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e	DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e

vista.	acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.	espazo e sensacións subxectivas.	achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.
DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.	DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.	DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.	DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.	DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.
	DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.	DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.	DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.	DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.
				DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.

\*= O apartado de intención expresiva recolle todos aspectos que quedan á elección do alumno e que responden a unha intención expresiva do traballo de acordo ao obxectivo preestablecido ( elección do material utilizado e adecuación do mesmo ao seu proxecto, elección e uso da cor, elección de criterios compositivos, grao de iconicidade ...)

## TRABALLOS DE DESEÑO

A materia que nos ocupa está intimamente ligada á optativa ofertada polo departamento para este mesmo curso “proxectos plástico creativos”, moitas veces compartimos traballos que comezan nunha materia e rematan na outra, é algo lóxico tendo en conta que proxectos plásticos naceu co propósito de completar a que nos ocupa. Por isto, o departamento decide incluír contidos e estándares propios da optativa na presente programación ( tema 2 ), co fin de poder valorar parcialmente ditos traballos dentro da materia. A rúbrica utilizada para corrixir os traballos de deseño encóntrase recollida na programación da materia optativa.

Non é necesario utilizar todos os estándares de valoración en todos e cada un dos traballos corrixidos utilizando esta rúbrica (por exemplo, os estándares de valoración referidos á figura humana serán utilizados se o traballo trata a representación da mesma). Dependendo da natureza do traballo a analizar, se utilizarán uns ou outros (aínda que moitos deles son válidos para a totalidade dos traballos presentados). Os “estándares básicos” (aqueles que el alumno terá que ter aprobados para aprobar o traballo ou proba deseñados para cuantificalos) diferéncianse do resto por ter cor escura de fondo (*laranxa para os básicos de todas as unidades didácticas e azul: básicos para unha unidade en concreto*).

Valor dos estándares: Cando un dos estándares sexa básico: o valor do estándar básico será o 60% do asignado ao bloque correspondente e o 40% restante a repartir entre o resto de estándares do mesmo bloque que sexan utilizados. No caso de exista máis dun estándar básico: a puntuación asignada será o 75% entre os estándares básicos e o 25% restante entre o resto de estándares utilizados.

## 5. Concrecións metodolóxicas

### 5.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

#### Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

Principios metodolóxicos xerais.

As liñas metodolóxicas xerais a seguir no bacharelato irán encamiñadas a desenrolar o gusto polo traballo ben feito, o esforzo, a autonomía persoal, o traballo cooperativo e a que o alumno aplique métodos de investigación apropiados para súa idade.

Os principios metodolóxicos a seguir serán os seguintes:

- O profesor terá de ter sempre presente o principio de individualidade do ensino. Nunca ha de esquecerse deste aspecto que no ensino resulta fundamental e terá de lembrar que se educa a persoas concretas, en circunstancias concretas e nun determinado contexto, de modo que, as propostas e o traballo terá de adaptarse, no posible, ás características dos alumnos e do entorno no que se traballe.

- Na aula terá de crearse un ambiente aberto que parta do principio de flexibilidade.

A postura do profesor terá de ser flexible e así mesmo, a relación do alumno cos seus compañeiros nun clima de respecto mutuo que se fomentará coa colaboración entre alumnos e co traballo en grupo nalgunha das propostas. Esta flexibilidade farase extensible á elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos

- Procurarase que o alumno coñeza a dimensión práctica dos coñecementos adquiridos. Que sexa capaz de relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido. Isto lograrase traballando con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá

- As actividades estarán deseñadas de maneira que o alumno vincule os coñecementos adquiridos ó medio e comprenda a utilidade dos mesmos.

Partir das ideas previas do alumnado (os seus intereses e coñecementos) para que a aprendizaxe sexa significativo.

- Tentarase facer o posible cara a propiciar o traballo en grupo, respectando a creatividade e a iniciativa de cada unha das persoas que o compoñen.

- O profesor incidirá na necesidade do esforzo e a tenacidade para o logro das destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

Na materia que nos ocupa é moi importante a parte procedimental, e é necesario que os alumnos así o entendan. O profesor fará que os alumnos tomen conciencia disto e explicaralles que unha parte importante da cualificación que obteñan reflectirá se conseguen acadar as destrezas necesarias.

Estes principios metodolóxicos levaranse a cabo a través das seguintes estratexias:

- Estratexias expositivas: Realizarase unha exposición dos conceptos que irá acompañada en todo momento de exemplos gráficos visualizados polo alumno a través de medios proporcionados polo profesor ou buscados e recompilados polos propios alumnos. Se partirá dos coñecementos previos do alumno para o deseño de cada unidade.

- Estratexias de indagación: Cada unidade irá acompañada da proposta de traballos, de extensión variable segundo a capacidade do alumno para o que existirán actividades de desenrolo e ampliación. A gran maioría das actividades prácticas propostas realizaranse na aula co fin de que o alumno poda contar coa axuda do profesor cando o requira e para facilitar o seguimento do alumno pola parte do profesor e valorar así o seu esforzo e o nivel de adquisición das destrezas anteriormente citadas tan importantes tendo en conta a natureza da materia. Ó remate dos temas os alumnos realizarán as láminas e traballos de distinta índole propostos co fin de adquirir as destrezas que se perseguen coma obxectivos do presente curso. Na presentación dos traballos valorarase a limpeza, creatividade, implicación no traballo, esforzo e tempo de entrega, e todo isto contará cara a elaboración da nota. Ó final do curso o alumno deberá entregar os traballos. O traballo práctico é fundamental na materia de debuxo, ha de terse en conta que: "Apréndese a debuxar debuxando", polo que damos importancia ao traballo

constante do alumno, aínda que sen esquecer a introdución de coñecementos e conceptos que fomenten e dean sentido ao traballo realizado.

O profesor informará os alumnos dos contidos mínimos a esixir, o número de exercicios a realizar sobre cada tema e os criterios de avaliación e recuperación. A asistencia é obrigatoria xa que o método de aprendizaxe é principalmente práctico. A atención ao alumno é individualizada, baseada nun proceso de ensino activo e creativo. As claves metodolóxicas que completan as anteriores:

- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a busca e selección de informacións específicas como para a elaboración de proxectos creativos.

- Implicar ao alumno no seu propio proceso de aprendizaxe, facéndolle partícipe do desenvolvemento das capacidades e coñecementos que vai adquirindo.

- Fomentar a actitude de investigación e autocrítica.

- Desenvolver a actividade cultural fora do centro, con visitas a exposicións, museos, etc.

- Fomentar a interacción na aula como motor de aprendizaxe

- Promover situacións de aprendizaxe que esixan unha actividade intelectual que os facilite a aprendizaxe por si mesmos e a actualización dos seus coñecementos.

- Facer partícipe ao alumnado, periódica e adecuadamente, dos contidos, obxectivos e criterios metodolóxicos da materia.

- Ha de introducir progresivamente ao alumnado no manexo da terminoloxía propia da materia. ha de potenciar as técnicas de indagación e investigación, favorecendo a capacidade do alumnado para traballar en equipo e aplicar os métodos de investigación apropiados.

**Vía presencial:** a materia explicárase na aula, apoiados polos medios informáticos dotados pola Consellería. Propóranse traballos individuais e en grupo (sempre que estes poidan ser executados cumprindo os protocolos educativo-sanitarios). A aula virtual será unha plataforma alternativa e complementaria de traballo

## 5.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

### Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

A entrega de traballos e o seguimento do traballo do alumno se adecuarán a este sistema. A aula virtual será unha plataforma esencial de contacto. Nela o profesor sube as propostas de traballo con todo tipo e material que axude ao alumno a comprender dita proposta con claridade (apoiará a explicación con material audiovisual para facilitar a comprensión da proposta por parte do alumno). O profesor manterá contacto continuo cos alumnos co fin de seguir o proceso de traballo dos mesmos por esta vía e polo correo electrónico. O profesor estará en contacto constante para atender as dúbidas e axudar no necesario. Aínda que a natureza procedimental clara da materia non fai estritamente necesarias as clases virtuais, podería valorarse a posibilidade dunha videochamada periódica que permita un seguimento máis cercano do traballo do alumno así como a resolución de dúbidas ou a organización do traballo.

## 5.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

### Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

**Vía semipresencial:** Se os medios o permiten alternarase a vía telemática e a presencial. Seguirase a empregar a Aula virtual como plataforma prioritaria de contacto alumn@-docente, nela, o profesor sube as propostas de traballo con todo tipo e material que axude ao alumno a comprender dita proposta con claridade (apoiará a explicación con material audiovisual para facilitar a comprensión do traballo por parte do alumno). O profesor manterá contacto continuo cos alumnos co fin de seguir o proceso de traballo dos mesmos. As propostas explícanse tamén presencialmente e aténdense dúbidas e faise o seguimento dobremente (Vía telemática e periódicamente, presencial) As consultas que non poidan ser satisfeitas presencialmente o serán virtualmente. A entrega de traballos e realización de probas de avaliación se estas se fixeran, serán

presenciais

## 6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

### Materiais e recursos didácticos (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

En condicións normais, debido á natureza da materia que nos ocupa a variedade de materiais curriculares é enorme.

Para a realización de traballos os alumnos deben contar con material moi diverso. Unha parte do material a traen os alumnos e outra é proporcionada polo centro. Aínda que o material varía cada curso e depende dos traballos a realizar durante o mesmo, o material mais común que está sempre a disposición dos nenos é o seguinte: papeis de distintas características (gramaxe, textura e acabado) segundo material que se utilice sobre él : lapis brandos, carboncillos, difuminos, barras conté, sanguinas, pasteis, témperas, acuarelas, cartolinas de cores, tesoiras, pegamento, pegamento en spray, rotuladores, lapis acuarelables, gomas, goma de carboncillo, pintura acrílica, disolventes, plantillas, papeis diversos (pinocho, celofán...), material de reciclaxe (plásticos, revistas, cartón...).

Outros materiais que poden traer os nenos mercándose a través do departamento e que se utiliza puntualmente para algún traballo (plastilina, purpurina...)

Material de soporte audiovisual e informático que se utiliza de moi diversas formas:

Como soporte da explicación teórica: ordenador, canón de proxección, CD, e a lousa da aula.

En ocasións os alumnos baixan á sala dos ordenadores para a realización de traballos en soporte informático.

Cámara fotográfica: é frecuente que os alumnos presenten traballos de imaxes en soporte dixital e que para capturar imaxes utilicen a cámara fotográfica. Cando algún alumno non ten cámara dixital e esta é necesaria para a realización de un traballo encargado na materia, poderá dispor da cámara dixital do centro solicitándose con tempo ó profesor da materia.

Facer unha lista dos materiais que poden chegar a utilizarse na materia de debuxo artístico é case imposible xa que, como mencionei anteriormente, dependen do traballo encargado polo profesor e o material pode chegar a ser moi, moi diverso. Poderíase falar dos materiais necesarios para realizar as actividades previstas polo profesor pero, moitas veces, recibimos encargos de última hora por necesidades do centro que o departamento vese na obriga de atender (carteis, decorados, decoracións...) estes traballos considéranse como traballos de clase e son avaliados e tidos en conta como tal, o material mércase nese momento e, como o traballo, nunca se pode prever.

Debido á emerxencia sanitaria que provocou a pandemia da covid-19, actualmente, desenrolamos a nosa actividade en aulas normais (non temos acceso ao material da aula) de tódolos xeitos, tampouco a situación sanitaria permite o uso de material compartido (salvo excepcións puntuais). Todo o listado anterior quedaría reducido ao seguinte:

Material para uso do profesor:

- Ordenador de mesa
- Canón para as explicacións teóricas.

Material que debe traer o alumno : O habitual máis: Lapis de cores ou témperas ou pasteis, pinceis, rotuladores, recipientes, tesoiras, pegamento... (Cada un traerá o material do que dispoña para poder facer as actividades propostas.) Debe traelo cad a día (xa que non poden deixar material ningún no centro). Isto supón moitas limitacións, non só polo feito de non poder usar técnicas húmidas (ao non ter nin lavabo nin soporte para secar os traballos) senón por non poder pedir aos alumnos que merquen o material que o departamento proporcionaba. Polo tanto, as actividades sufrirán modificacións en técnicas, moitas veces non poderemos utilizar as técnicas ideais para levar ao cabo determinados aprendizaxes. Teremos polo tanto que modificalas para adaptarmos á nova situación.

Para o ensino telemático: Aconsellamos aos alumnos ter sempre na casa material necesario para facer os traballos por se chegase a situación do confinamento de novo. Co fin de poder ir facendo os traballos na casa ata que cambie a situación, igual para a situación de ensino semipresencial.

Tanto para unha e outra modalidade, a profesora e os alumnos terán que contar con material informático particular para o

seguimentos das clases on line (excepto excepcións).

## 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

### 7.1 Criterios de avaliación

Criterios utilizados para avaliar ao alumno

Bloque 1. O debuxo como ferramenta
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.</li> </ul>
Bloque 2. Liña e forma
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade.</li> </ul>
Bloque 3. A composición e os seus fundamentos
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicos dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura</li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bloque 5. A cor</li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.</li> </ul>

#### Avaliacións parciais (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

##### - AVALIACIÓN ORDINARIA

A avaliación é unha parte do proceso de ensino e aprendizaxe que se desenrola durante o mesmo de forma continua e diferenciada para cada un dos alumnos; é tamén un instrumento de realimentación do mentado proceso. O seguimento que se faga a través de dito proceso traducirase, ademais, en orientación apoio e estímulo para os alumnos.

Faranse durante o curso:

Avaliación inicial: Proporciona datos do punto de partida de cada un dos alumnos, sendo unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferencias e unha metodoloxía axeitada.

Aos alumnos se lles plantea a realización de un debuxo que determine o nivel de partida en cada caso.

Avaliación Formativa: Confirme unha visión das dificultades e progresos de cada caso ó longo da evolución do proceso de aprendizaxe. A avaliación formativa é sumamente importante porque é a través da que conseguiremos detectar se o alumno non progresa adecuadamente. A avaliación formativa permitiranos detectar fallos e dificultades e definir as medidas de reforzo

necesarias para cada alumno.

Avaliación Sumativa: Establece os resultados ó termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

### Como instrumentos de avaliación teranse en conta os seguintes:

- A observación sistemática: OS

O proceso de realización de láminas e exercicios, as actitudes na interrelación cos outros, a adquisición de hábitos na realización dos traballos, son as situacións propicias para que a observación resulte máis indicada.

A recollida de información farase coas fichas de seguimento que están debidamente deseñadas para a recoller o máximo de información do alumno en cada unha das sesións correspondentes á materia.

As fichas do alumno deberán recoller todo tipo de información para definir a nota con exactitude: se o alumno trae ou non o material, se houbo incidencias de comportamento na aula, o grado de implicación e participación do alumno nas propostas, faltas de asistencia, actitude do alumno, entrega de os traballos a tempo, colaboración en proxectos conxuntos, actitude ante a materia, respectar o proceso de traballo, entregar bocetos e partes de traballos feitas na casa cando así se le solicite...

- Seguimento dos traballos individuais realizados polo alumno. TP

Con este procedemento se apreciará o progreso na adquisición e consolidación dos contidos tratados en cada tema.

Na materia que nos ocupa os procedementos constitúen a parte máis importante xa que, tralo proceso de información e conceptualización, a interpretación gráfica e o análise de procedementos é o único instrumento que nos permite medir o grado de comprensión do alumno.

Debido á gran importancia da parte procedimental da materia, tanto en primeiro como en segundo de bacharelato será de obrigado cumprimento para ser avaliado a presentación de tódolos traballos propostos polo profesor en cada trimestre. A nota obtida en ditos traballos formará parte da cualificación final do alumno.

Como xa se explicou neste mesmo punto da programación a parte procedimental é tan importante que é labor do profesor o deseño dunha ficha que recolla o máximo de información posible sobre o alumno porque a nota obtida por este ó final do curso e en cada un dos traballos non é unha nota que obtén o traballo polos resultados dunha forma illada terase en conta tódolos aspectos citados anteriormente: actitude do alumno, grado de implicación, presentación dos traballos a tempo, grado de implicación e participación do alumno nas propostas, faltas de asistencia, actitude do alumno, entrega de os traballos a tempo, colaboración en proxectos conxuntos, actitude ante a materia, respectar o proceso de traballo, entregar bocetos e partes de traballos feitas na casa cando así se le solicite...

O alumno pode repetir traballos e debuxos cando queira subir a nota. Sempre teremos en conta a cualificación máxima obtida en cada traballo.

É importante respectar as datas de entrega. Un traballo entregado fora de tempo obterá unha cualificación con penalizacións: Será corrixido sobre 7 puntos se a entrega é na seguinte semana da data establecida e sobre 5 se excede ese tempo de entrega ou si a entrega fora de tempo implica a inutilidade do traballo (conmemoración de datas por exemplo: Día contra a violencia de xénero, día da paz...)

- Deseño de probas específicas. PE

Pretendese que axuden a valorar a adquisición do dominio de procedementos. O profesor terá sempre como referente a programación á hora do deseño das probas, procurarase que o dominio dos aspectos mínimos amosado polo alumno axude a este a chegar ó aprobado e que o dominio do resto de aspectos, recollidos na programación, sumen o resto da nota ata chegar á máxima cualificación (sobresaliente).

Tanto en primeiro como en segundo de bacharelato poden realizarse probas cando o profesor o estime necesario. Na maior parte dos casos os alumnos serán avaliados unicamente polos traballos e o proceso de realización dos mesmos.

**Os instrumentos e procedementos de avaliación non cambian durante o ensino on line ou semipresencial. Unha vez adquiridas as destrezas básicas poden traballar pola súa conta (sempre e cando non variemos a técnica) e o profesor facer correccións ou orientación do traballo vía telemática. As diferenzas básicas serían:**

- O seguimento do traballo do alumno faise v ía telemática (resolver dadas, facer propostas, reconducir o traballo...)
- Ao cambiar de técnica, a explicación tería que ser a través de vídeos tutoriais.
- Se a profesora decide facer probas, estas Terán que ser v ía telemática.

**No caso do ensino semipresencial: Aínda que sigamos o proceso de traballo por v ía telemática e por esta mesma v ía resolvamos dúbidas puntuais. As orientación, a explicación de novas técnicas e as probas terán que ser presenciais preferentemente.**

#### Avaliación final (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

No caso de que a cualificación obtida polo alumno durante as avaliacións sexa de suspenso existe a posibilidade de presentarse a unha proba final en maio.

A proba será deseñada de acordo ao traballado durante o curso co fin de determinar o grao de adquisición das competencias desexadas.

A proba consistirá nun debuxo proposto polo profesor. Para a realización do mesmo o alumno terá dúas horas e valoraranse os coñecementos e destrezas adquiridos o longo do curso (adequación ao formato, encaixado, sensación de tridimensionalidade cun manexo axeitado dos efectos lumínicos a través da técnica do claroscuro...). O alumno debe levar o material necesario para a realización da proba.

Ademais da proba o alumno deberá ter presentada a parte dos traballos realizados durante o curso (que previamente lle indicará o profesor).

Na nota obtida contará a cualificación dos traballos e da proba realizada na seguinte proporción:

- A media aritmética dos traballos será un 70% da nota final obtida.
- A nota da proba realizada polo alumno será dun 30%.

Se os alumnos suspenden por non ter entregado traballos do curso, poden entregalos en maio para recuperar a materia, tendo en conta que a corrección será sobre 5 puntos.

(O alumno só deberá realizar aquelas actividades que, estando establecidas como mínimas para a convocatoria final de maio, no tivera feito durante o curso).

No caso de que o alumno non demostre a adquisición dos mínimos e obteña novamente a cualificación de Suspenso na proba final de maio ten mais oportunidades de recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de xuño é despois nas de pendentas.

**Para ensino semipresencial es exactamente igual, para ensino telemático: entrega dos traballos e proba on line.**

#### Avaliación extraordinaria (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

No caso de que a cualificación obtida polo alumno en maio sexa de suspenso existe a posibilidade de recuperar a materia na convocatoria de xuño. Temos que ter en conta que os alumnos suspensos na proba final de maio rematan as clases a finais de xuño. Temos polo tanto o mes de xuño para que, baixo a supervisión do profesor, poidan realizar os traballos necesarios para ter aprobado na convocatoria de xuño, ou preparar a proba se o profesor considera é necesario que a fagan.

Na convocatoria de xuño (se o alumno non ten feitos todos os traballos necesarios para recuperar a materia) realizarase unha proba deseñada de acordo ós obxectivos e contidos mínimos referidos nesta programación e será corrixido da cordo ós criterios de avaliación correspondentes.

A proba consistirá nun debuxo dun proposto polo profesor. Para a realización do mesmo o alumno terá dúas horas e se valorará tanto o encaixe como a capacidade da representación do volume a través da técnica do claroscuro.

O alumno debe levar o material necesario para a realización da proba.



Ademais da proba o alumno debe presentar a parte dos traballos realizados durante o curso (que previamente lle indicará o profesor).

Na nota obtida contará a cualificación dos traballos e da proba realizada na seguinte proporción:

- A media aritmética dos traballos será un 50% da nota final obtida.
- A nota da proba realizada polo alumno será dun 50%.

Nesta convocatoria extraordinaria se o alumno realiza a proba, só deberá entregar aquelas actividades que, estando establecidas como mínimas para a convocatoria final de maio, no tivera feito durante o curso, mantendo a nota das feitas (recordamos que sempre que así o decida poderá repetir calqueira traballo co fin de subir a nota) e tendo que volver a facer para xuño, só as que non entregou e as cualificadas negativamente.

No caso de que o alumno non demostre a adquisición dos mínimos e obteña novamente a cualificación de Suspenso no mes de xuño ten mais oportunidades de recuperar a materia na convocatoria de pendentos.

**Para ensino semipresencial es exactamente igual, para ensino telemático: entrega dos traballos e proba on line.**

## 7.2 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

**As porcentaxes asociadas a cada ámbito da materia que nos ocupa son as seguintes:**

Traballos realizados polo alumno,

**procedementos:** Como xa se leva indicando o longo de toda a programación, son a parte mais importante da materia. A porcentaxe da nota obtida é dun **70%** no caso de realizarse probas. Se nunha determinada avaliación non se fixera proba algunha, a porcentaxe será dun **100%**. Dentro desta parte avalíase tamén a actitude do alumno fronte á materia.

**Cualificación dos traballos:**

- A nota obtida será a media aritmética dos traballos entregados polo alumno.
- Puidera darse o caso de que o profesor encargase aos alumnos algún traballo diferente aos habituais (de maior o moita menor envergadura ou dificultade) para que a media aritmética sexa xusta o profesor indicará o que dito traballo conta para a media, de este xeito, un traballo de moita dificultade pode contar como dous (e ata tres) traballos dos habituais, e como medio se a súa simplicidade así o precisa. O profesor debe indicalo valor do traballo no momento de encargalo ó alumno.
- Para a corrección dos traballos dos alumnos se utilizará a rúbrica do apartado 4 da presente programación, feitas cos estándares de referencia.
- Para a superación da materia o alumno terá que presentar todas as actividades propostas na devandita avaliación. Se falta por entregar un traballo se fará a nota media, sendo a cualificación de dito traballo de 0 puntos, se falta máis de un traballo por entregar a cualificación en dita avaliación será de insuficiente, salvo causa xustificada (que pode ser debida a circunstancias especiais atravesadas polo alumno ou a unha adaptación á diversidade realizada polo profesor para adaptarse ás características deste).
- Cada traballo poderá obter unha cualificación máxima de 10.

**Rúbrica de corrección dos traballos (modo de utilización):**

A cada aspecto básico do traballo se lle asignan unha serie de estándares que poden utilizarse. O profesor decide (adaptando se á natureza do traballo avaliado) os estándares que utilizará para cualificalo. A cada estándar se lle asigna a porcentaxe da nota que lle

corresponda, por exemplo, se o profesor no ámbito do análise e cualificación do resultado da imaxe final ( ao que, tal e com o se ve na táboa correspondente, se lle asignan 3 puntos da nota total do traballo ) utiliza 4 estándares e un deles é un estándar básico, deberá saber que o porcentaxe ou peso na cualificación do estándar básico será de 2,2 e de cada un dos estándares que está a utilizar (os outros 3) é de 0,4 puntos, xa que para o estándar básico será o 60% da puntuación do bloque o 40% restante a repartir entre o resto dos estándares utilizados no bloque.

No caso particular do bloque “gra de implicación no proceso de creación” que ten todos os estándares básicos, a puntuación asignada repártese en partes iguais entre os estándares básicos utilizados.

En cada traballo deberán estar sempre cualificados positivamente os estándares básicos (distingúense dos outros por ter color escura de fondo, laranxa para os básicos a nivel xeral e azul para os básicos nos traballos de unha unidade didáctica concreta). Se estes estándares non están aprobados, o traballo recibe a cualificación de suspenso, tendo que repetilo para recuperar a materia.

### Valoración da “Actitude do alumno” durante o proceso de traballo:

A ficha do profesor está deseñada para recoller a información sobre o alumno necesaria para poder cualificar os estándares recompilados no bloque: “Grao de implicación do alumno”.

Quedaría por recoller dentro deste apartado a importancia e a repercusión na cualificación de entregar os traballos na data definida. Neste aspecto o departamento decidiu e así o fará saber aos alumnos, o seguinte:

#### Entrega de traballos:

Se o alumno entrega o traballo na seguinte semana á proposta. Un traballo entregado fora de tempo obterá unha cualificación con penalizacións: Será corrixido sobre 7 puntos se a entrega é na seguinte semana da data establecida e sobre 5 se excede ese tempo de entrega ou si a entrega fora de tempo implica a inutilidade do traballo (conmemoración de datas por exemplo: Día contra a violencia de xénero, día da paz...)

Os descontos anteriormente citados poden NON ser tidos en conta polo profesor á hora de cualificar ao alumno sempre que a razón de non ter entregados os traballos a tempo sexa xustificada o pola decisión do profesor de que o alumno teña que repetir algún traballo o como medida de atención á diversidade.

#### Grao de implicación do alumno no proceso de traballo:

Nunha materia na que a parte procedimental é a fundamental, a actitude e o grao de implicación do alumno son fundamentais para garantir un proceso de aprendizaxe proveitable. É por isto polo que consideramos que son aspectos que deben estar reflectidos con claridade na cualificación obtida polo alumno nos traballos realizados na aula.

Para avaliar e poder cualificar a actitude do alumno utilizaremos a seguinte táboa:

NIVELES DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DA UNIDADE- Estándares indicativos da actitude do alumno		
Aceptable	Inaceptable	Excelente
Os rexistros recompilados da ficha do profesor amosan que o seu comportamento é aceptable aínda que o alumno non está implicado no traballo nin aproveita ao 100% o tempo de traballo en clase.	O desconto na nota terá como referencia os rexistros do profesor sobre a actitude mostrada polo alumno durante a realización do traballo. Só descontaremos máis do 15% da cualificación obtida se os rexistros indican que a actitude do alumno é un problema para o desenrolo do seu proceso de aprendizaxe e o de os seus compañeiros.	O alumno móstrase participativo e implicado en todo momento co seu traballo. Mostra unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alieo e Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades

Unha vez obtida a cualificación do traballo mediante o uso da rúbrica correspondente, teremos en conta a información recollida sobre a actitude do alumno, que será un 30% da nota obtida.

**Probas :**

- Como se deduce do apartado anterior, nalgún caso, poden facerse probas concretas nun determinado momento durante o proceso de aprendizaxe, probas encamiñadas a determinar o grado de adquisición, por parte do alumno, das competencias necesarias. A media aritmética das probas realizadas formará un 30% da nota total obtida polo alumno en cada avaliación, no caso de que ditas probas se realicen. (O resto da porcentaxe segue sendo a media aritmética dos traballos realizados).
- A mínima cualificación necesaria para facer a media será de 4 puntos.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN – debuxo artístico- Resumo**

-*Probas específicas: 30% da nota total obtida polo alumno. (no caso de que se fagan)*

- *Ejercicios prácticos (debuxos, traballos...) Supoñen un 70% da nota total. (O 30% corresponde ao proceso de traballo).*

*Se na avaliación non se fixera proba teórica algunha, a porcentaxe dos contidos procedimentais (tendo en conta que dentro des tes inclúense os actitudinais) será dun 100%.*

- *Necesaria a entrega de todos os traballos e actividades propostas para ser cualificado positivamente (se falta por entregar un traballo se fará a nota media, sendo a cualificación de dito traballo de 0 puntos, se falta máis de un traballo por entregar a cualificación en dita avaliación será de insuficiente).*

- *Un traballo entregado fora de tempo obterá unha cualificación con penalizacións: Será corrixido sobre 7 puntos se a entrega é na seguinte semana da data establecida e sobre 5 se excede ese tempo de entrega ou si a entrega fora de tempo implica a inutilidade do traballo (conmemoración de datas por exemplo: Día contra a violencia de xénero, día da paz...)*

- *Necesaria a obtención dun mínimo de 4 puntos nas probas específicas realizadas para ser cualificado positivamente.*

- *Necesaria a obtención dun mínimo de 4 puntos nos traballos presentados para ser cualificado positivamente.*

- *O alumno pode repetir os traballos ou actividades as veces que desexe, sempre se lle terá en conta para realizar a nota media, a cualificación máxima obtida.*

- *A nota obtida será a media aritmética dos traballos entregados polo alumno. Puidera darse o caso de que o profesor encargase aos alumnos algún traballo diferente aos habituais (de maior ou moita menor envergadura ou dificultade) para que a media aritmética sexa xusta o profesor indicará o que dito traballo conta para a media, de este xeito, un traballo de moita dificultade pode contar como do us (e ata tres) traballos dos habituais, e como medio se a súa simplicidade así o precisa. O profesor debe indicalo valor do traballo no momento de encargalo ó alumno.*

- *A Actitude do alumno durante o proceso de traballo será tida en conta na cualificación obtida segundo queda recollido nos criterios que adxuntamos. A ficha do profesor rexistra a información necesaria para cualificar os contidos actitudinais.*

**7.3 Criterios de promoción**

Criterios de promoción (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

**8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Planificación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.</li> <li>• Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.</li> <li>• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.</li> <li>• Planifica as clases de maneira aberta e flexible.</li> <li>• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula.</li> <li>• Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.</li> </ul>
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dá a coñecer a planificación da práctica na aula proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo.</li> <li>• Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.</li> <li>• Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>• Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos.</li> <li>• Fomenta un bo ambiente na aula.</li> <li>• Promove a participación activa do alumnado.</li> <li>• Fai posible a retroalimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.</li> <li>• Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.</li> <li>• Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos.</li> <li>• Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novos que motiven ao alumnado.</li> </ul>
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.</li> <li>• Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.</li> <li>• Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.</li> <li>• Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.</li> <li>• Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.</li> <li>• Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.</li> </ul>
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.</li> <li>• Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios, probase e actividades en xeral.</li> <li>• Establece medidas que permitan introducir melloras.</li> <li>• Fai posible a retroalimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.</li> <li>• Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula.</li> <li>• Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.</li> <li>• Favorece os procesos de autoavaliación.</li> <li>• Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>• Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.</li> <li>• Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.</li> </ul>

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordinase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e		

comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

## 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para aqueles alumnos que cursen debuxo artístico II tendo pendente a materia de debuxo artístico I o mecanismo de recuperación da materia pendente é o mesmo que o de os alumnos que collen a materia de debuxo artístico II sen ter collido a de debuxo artístico I: A entrega de traballos que solicite a profesora que leve a materia nese curso. Excepcionalmente, Pódese solicitar e asistencia para realización de probas se así o decide o departamento, no caso de que isto suceda, será para adaptar o mecanismo de recuperación a situacións concretas e quedará recollido na acta de departamento correspondente. No caso de non facer probas, poderán recuperar a materia facendo entregas periódicas dos traballos necesarios por avaliación. O profesor de Debuxo artístico I será o encargado de plantexar aos alumnos os traballos que estes deberán realizar cada avaliación (os básicos escollidos entre os que vaian facendo os alumnos de debuxo artístico I). A cualificación obtida será a media aritmética dos traballos de recuperación realizados.

## 10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

### Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

Os alumnos, que estean a cursar segundo de bacharelato e que non cursaron a materia de Debuxo Artístico I figuran como “pendentes”. O mecanismo polo que “recuperan” a materia é igual que o dos pendentes, explicado no apartado anterior.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

### Deseño da avaliación inicial

Nos primeiros días de clase realizarase unha proba para determinar o nivel do que parte cada alumno. Isto permitirá coñecer cales son as necesidades e dificultades así como as destrezas dos alumnos e axudará a saber en que aspectos terá que facer maior fincapé o profesor con cada un dos alumnos.

Data prevista de realización: primeira ou segunda semana do comezo do curso escolar .

Descrición do tipo de proba: Debuxo dun ou varios obxectos ou plantexamentos (rostro, espazo en perspectiva, trazos...) feitos polo profesor así como preguntas orais sobre aspectos relacionados coa materia.

Consecuencias dos resultados da proba: Coñecemento por parte do profesor do nivel individual de cada alumno e do grupo na materia.

## 12. Medidas de atención á diversidade

### Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Para atender á diversidade na aula o profesor haberá de ter en conta os seguintes aspectos:

Características dos alumnos no referente a :

- Ideas previas dos alumnos
- Potencial do alumno ante o aprendizaxe

Contexto psicocultural

Contexto físicoambiental

Estímulos e motivacións específicas

No desenrolo da práctica docente haberán de terse sempre presentes os principios básicos que conflúen na idea nuclear de que a educación é un proceso de construción no que, tanto o profesor como o alumno deben lograr a adquisición, pola parte do alumno, de aprendizaxes significativos.

Neste proceso ten moita importancia a aplicación correcta dos procedementos de avaliación que permitirá determinar tanto o grao de progreso acadado polo alumno como as dificultades que podan plantearse e, desta forma, poderase axustar a intervención pedagóxica ás necesidades dos alumnos.

Mediante a avaliación inicial e observando sistematicamente o traballo do alumno (tal e como foi explicado en apartados anteriores) imos coñecendo factores coma as diferencias sociais, culturais, personalidade do alumno, deficiencias particulares, etc. Poderemos polo tanto ir axustando o proceso as diferencias individuais tendo en conta que o fin último é levar ó máximo número de alumnos a un mesmo obxectivo.

A natureza procedimental da materia que nos ocupa obriga a un seguimento continuo do traballo individual do alumno e permite detectar con mais facilidade tanto as deficiencias coma as características individuais e contemplar a diversidade dentro da aula .

Unha vez detectada a deficiencia ou o erro pode reconducirse a acción educativa en aqueles aspectos que non incumban aos básicos do currículo: Utilizando un tipo ou outro de actividades na proposta didáctica , adaptando a temporalización ou a distribución de contidos proposta , flexibilizando agrupamentos de acción específica etc... No caso de que o profesor durante a avaliación formativa ou durante a fase de rexistro (na que revisa os traballos do alumno ) detectase unha dificultade aplicaráselle o alumno medidas de reforzo específicas. Ditas medidas de reforzo poden ser dende novas propostas de traballos, cambios na metodoloxía ou atencións máis específicas (tanto durante o horario da materia como en horario non correspondente á materia, sempre que isto sexa posible). No caso de que , aínda con medidas de reforzo, o alumno acadase unha cualificación de non apto , existe a posibilidade de ir recuperando materia pendente a través de novos traballos encargados polo profesor o longo do curso ou a través da materia correspondente do seguinte curso, como xa se explicou no apartado anterior.

### 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

#### Elementos transversais que se traballarán

##### Comprensión lectora , expresión oral e escrita e fomento do hábito de lectura.

A través das clases o profesor tratará de despertar a curiosidade e o interese do alumno polo mundo da arte e lle proporcionará a bibliografía suficiente para satisfacer dita curiosidade.

Formarán parte de dita bibliografía, por unha banda libros de consulta e ampliación sobre os coñecementos impartidos na materia e por outro lado, libros que o departamento considere oportunos e interesantes segundo as propostas de traballos que se fagan a os alumnos : tratados específicos; lecturas entre outras que falen do mundo da arte de xeito tan xeral pero que podan despertar certos intereses no alumno; lecturas que permitan o coñecemento do contexto histórico de certos momentos artísticos e que poden resultar imprescindibles co fin de comprendelos; biografías de artistas sobre os que se traballa na clase etc...

O departamento ten prevista a realización de traballos baseados na lectura de certos libros co fin de profundar nela e poder traballar sobre o feito de que os alumnos expresen ideas ou sentimentos a través de imaxes xeradas por se mesmos.

O fomento da lectura dende a materia que nos ocupa é relativamente sinxelo si se logra despertar nos alumnos o interese polo coñecemento e comprensión profunda dos artistas, as súas obras e o contexto que os xera.

Por outra parte, a materia que nos ocupa axudará ao desenvolvemento deste elemento transversal en aqueles aspectos nos que traballa a competencia en comunicación lingüística , tal e como queda recollido no apartado correspondente da presente programación.

Habería que destacar tamén neste apartado a estreita colaboración dos membros do departamento coa biblioteca escolar, xa que , os membros do mesmo son tamén membros do grupo de dinamización da biblioteca do centro. Isto fai que o departamento colabore nas actividades que , dende a biblioteca escolar, fanse co fin de fomentar a lectura.

##### Comunicación audiovisual y tratamento e fomento das TIC.

Para o departamento de debuxo quizás o máis importante para o fomento das TIC é o feito de que os alumnos comprendan que as novas tecnoloxías proporcionan ferramentas de gran valor á hora de crear e tratar imaxes e á hora de buscar información que precisan para elaborar traballos.

A intención do departamento neste aspecto é que os alumnos comprendan que , aínda que as ideas xorden deles do xeito máis sinxelo ( este é o proceso máis importante da creación e por iso é fundamental que o comprendan) as posibilidades de xerar imaxes ou buscar información con medios informáticos é enorme.



Dende a materia de debuxo artístico procuraremos :

- que os alumnos coñezan os programas de debuxo máis importantes ( programas de tratamento de imaxes: photoshop, Gimp, Corel draw, Draw) e trataremos de facer traballos utilizándoos ;
- Que para facer os traballos os alumnos accedan a internet dende o centro co fin de buscar información necesaria para a elaboración dos mesmos ;
- Trataremos tamén de que o alumno coñeza os traballos de animación máis recentes e mostrarlle a existencia dos programas de animación e de creación 3D máis importantes.

O traballo na aula de informática é sobre todo importante para que os alumnos se familiaricen co uso de algúns dos programas citados pero, tanto o seu coñecemento como a visita as webs máis interesantes farémolas a través do canón da aula ou, se o visionado ou a irretroactividade da algunha de elas así lo precisase, da pizarra dixital.

Durante o curso proporáanse tamén traballos a entregar en soporte dixital: fotografías, carteis.

Na práctica habitual da materia utilízase o canón da aula xa que, tratándose dunha materia que estuda principalmente as imaxes, a existencia de un mecanismo que permita non só a proxección de presentacións preparadas previamente se non imaxes obtidas directamente da rede (polo tanto actualizadas de xeito inmediato) é unha axuda inestimable.

#### Educación cívica é prevención da violencia.

Neste apartado é moi importante que , a través da materia, atopemos a forma de proporcionar aos alumnos os valores que sustentan a vida en común e a cohesión social; Tamén aqueles valores que favorecen : A liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, igualdade, respecto...en definitiva, todos aqueles aspectos que constitúen a base dunha vida en sociedade.

Neste sentido, a nosa materia, ademais de crear un ambiente de traballo no aula de aceptación, respecto e confianza que axude ao alumno a construír unha imaxe positiva de si mesmo e propoñer actividades ou traballos en grupo co fin de crear espazos próximos de convivencia deseña actividades nas que traballa de forma específica contidos deste elemento transversal.

#### Emprendemento:

Trátase aquí de adquirir destrezas e habilidades necesarias para conseguir un obxectivo proposto. De adquirir conciencia do obxectivo e planificar o modo de logralo.

Sempre que desde esta materia queiramos deseñar propostas de traballo que desenvolvan estes aspectos, as nosas actividades e propostas terán que traballar os seguintes ámbitos:

Capacidade de análise do alumno, capacidade de planificación e execución das fases de traballo, capacidade de superación dos problemas técnicos que aparecen durante a execución e de atopar novas vías , habilidades para traballar en grupo e desenvolvemento da creatividade e da imaxinación para a procura de solucións e alternativas. A gran maioría das propostas do departamento traballan estes aspectos. Podemos dicir entón que desde a materia que nos ocupa traballamos aspectos básicos deste elemento transversal que está directamente relacionado co desenvolvemento da capacidade de sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Debemos traballar polo tanto: Creatividade, imaxinación, autoconhecimento e autoestima , aspectos estes reflectidos nos diversos apartados da programación.

## 14. Actividades complementarias e extraescolares

### Actividades complementarias e extraescolares

O departamento de debuxo participa e organiza bastantes actividades extraescolares cos alumnos de debuxo artístico. Algunha de elas incorpóranse ao currículo e toman forma de traballos a través dos cales estudamos os contidos básicos da materia: Carteis contra a violencia de xénero, postais de nadal, elaboración da axenda escolar, cartel das letras galegas, concurso fotográfico sobre o Ribeiro, colaboración na realización da revista escolar.....

Por outra banda, é intención do departamento de debuxo é realizar unha visita cultural especialmente dedicada aos alumnos desta

materia. O que se pretende é realizar una visita a algún dos museos que temos na comunidade (Ourense, Vigo, Coruña ou Santiago) ou calquera outra ofertada ao centro e que resulte de interese para os alumnos (sempre que traballe contidos impartidos nas materias adscritas ao departamento). Antes de organizar a visita o departamento estuda a programación de cada un deles e decide a visita (sempre tendo en conta as exposicións que ofertan os museos e como se axustan estas á programación, a os aspectos nos que o departamento que profundar). Como consecuencia da situación xerada pola pandemia, o pasado curso non houbo actividades extraescolares e sospeitamos que o presente curso a situación sexa similar, ou que se poidan realizarse actividades pero con grandes limitacións. Estaremos atentos ás novas disposicións, se a situación o permite, participaremos en actividades extraescolares que enriquezan dalgunha forma o proceso de aprendizaxe dos nenos.

Quedará constancia nas correspondentes actas do departamento e na memoria final do curso de xeito detallado do que fagamos neste sentido, así como das actividades extraescolares anteriormente citadas (concurso fotográfico, de postais, de carteis...),

## 15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Debido ao carácter práctico da materia, a finais de cada trimestre farase un análise do traballo levado a cabo, de forma que poida ser avaliado a finais de curso para poder realizar a memoria e a programación do curso seguinte, reducindo, ampliando ou modificando a mesma. Darase moita importancia a avaliación dos contidos, o tipo de actividades levadas a cabo, o plantexamento das actividades e a dinámica de grupos para revisar e modificarlos, se fose necesario. Hai que ter sempre en conta a avaliación inicial, que será a que nos indicará o nivel aproximado do alumnado para poder finalizar e encamiñar no curso a programación establecida. Dentro do análise da propia programación didáctica do curso hai que ter en conta: -Se se vai consultando a propia programación ó longo do curso. -Si se van cumprindo as competencias básicas. -As ferramentas de avaliación. -As posibilidades de cumprir a programación en cada curso. -Se saben os alumnos a programación, a metodoloxía e os criterios de cualificación empregados (uso da programación de aula). -Si se introducen na programación algún dos temas ou actividades propostas polo alumnado. -Si se vai enriquecendo e reforzando a materia ó longo do curso. Cada unha das avaliacións debe ser un instrumento de mellora para a propia programación. Os datos que se van obtendo son útiles para obter melloras que poidan servir para modificar a programación para adaptala mellor ás propias necesidades dos alumnos. Estes datos teñen que servir para mellorar a avaliación propia durante o curso, non só ó final xa que se non será produtivo para ese curso. Durante cada trimestre servirá para identificar lagunas, aspectos que supoñen algunha dificultade para o alumnado ou necesidades de aumentar actividades de reforzo ou ampliación. Realmente será unha avaliación que vai a servir como ferramenta de mellora durante o propio curso e para os vindeiros cursos.